

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2026

1. LIÑAS ESTRATÉXICAS

O Concello de Fene ten entre as súas prioridades políticas fomentar a participación da cidadanía como xeito de contribuír á democratización da sociedade e impulsar a extensión do uso social do galego, contribuíndo á normalización do seu uso en todos os ámbitos.

Dende esta perspectiva, o apoio ao movemento asociativo no seu normal funcionamento e no desenvolvemento das actividades que lle son propias constitúe un dos piares da actuación municipal.

Coa aprobación destas bases establécense os criterios e o procedemento para canalizar o citado apoio mediante a concesión de subvencións municipais destinadas a prestar servizos e realizar as actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza de Fene, subvencións que se rexerán polos principios de obxectividade, concorrência e publicidade.

2. RÉXIME XURÍDICO, OBXECTO, FINALIDADE E CONTIA

Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo resto de lexislación que lle resulte aplicable.

A presente convocatoria efectúase de conformidade coa Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene, aprobada polo pleno en sesión de 30 de marzo de 2007 e publicada no BOP nº 135 de 15 de xuño.

O obxecto da convocatoria é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas e educativas que favorezan a participación entre a veciñanza e, así mesmo, contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento, necesarios para o cumprimento dos fins propios das asociacións e para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención.

A contía total que se dedica a estas finalidades e os importes máximos das subvencións por entidade e para cada unha das categorías é a que se detalla no seguinte cadro:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN	IMPORTE MÁX. A ENTIDADE
326/48901 ANPAS	Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para gastos correntes, obras non consideradas investimentos, adquisición de material non inventariable e realización de actividades de promoción educativa, cultural e deportiva nos centros de ensino do Concello.	5.450,00 €	1.500 €
334/48901 ENTIDADES CULTURAIS	Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para gastos correntes, obras non consideradas investimentos, adquisición de material non inventariable e realización de actividades, eventos, desprazamentos con motivo de actuacións e outras actividades semellantes, escolas culturais..	44.750,00 €	12.000,00 €
341/48901 ENTIDADES DEPORTIVAS	Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para gastos correntes, obras non consideradas investimentos, adquisición de material non inventariable, realización de actividades, fichas federativas, arbitraxes, mutualidades e desprazamentos por motivos de competición e outros semellantes, eventos, escolas deportivas.	54.900,00 €	15.000,00 €

Se á vista da proposta de concesión é preciso alterar a distribución dos créditos sen superar o importe global máximo, a distribución definitiva publicárase na Base Nacional de Subvencións.

3. BENEFICIARIOS/AS

Poderán optar a estas subvencións as entidades que, no momento de presentar a solicitude de subvención, cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de ánimo de lucro.
- Ter sede e desenvolver as súas actividades no Concello de Fene.
- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións correspondente cos datos actualizados.
- Estar inscritas e actualizadas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, conforme indica o artigo 5º, apartados 5 e 6 do **Regulamento Municipal do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Fene**.
- Non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- No caso de entidades que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Fene, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Fene, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Que as actividades para as que se solicita subvención sexan de interese para o Concello.

4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

4.1. Ámbitos de subvención:

As subvencións e axudas que se outorgan ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade contribuír ao normal funcionamento do tecido asociativo (gasto corrente); mantemento de instalacións así como a realización de actividades de carácter cultural, deportivo, educativo, de defensa de dereitos da veciñanza e os gastos de funcionamento das entidades que as desenvolvan.

Así pódense concretar os seguintes ámbitos subvencionados:

- **ACTIVIDADES CULTURAIS:** gastos correntes derivados de celebracións, exposicións, concursos, certames, mostras, excursións, conferencias, estudos...; gastos correntes derivados do normal funcionamento da entidade (teléfono, envíos postais, internet, web, xestoría...); gastos correntes de mantemento de instalacións sempre que sexan de titularidade da entidade (luz, gasóleo, pequenas obras de mantemento e conservación....) ou cedidas e sexan gastos de mantemento; compras de bens correntes (consumibles de oficina, etc.) e material non inventariable; gastos da realización de obras que non sexan consideradas investimentos; gastos de organización de escolas culturais; gastos da organización de festas e romarías; gastos de desprazamentos colectivos en autobús ou excursións para a realización de actuacións incluídas no calendario de actividades para as que solicita a subvención e, en xeral, todas aquelas actividades dirixidas á conservación, promoción ou divulgación das tradicións e valores culturais propios do Concello de Fene.
- **ACTIVIDADES DEPORTIVAS:** gastos correntes derivados do normal funcionamento da entidade; gastos correntes de participación en campionatos deportivos tales como fichas de inscrición en competicións, gastos de desprazamentos colectivos en autobús incluídos nos calendarios de competicións, aluguer de vehículos para competicións; gastos de mantemento de instalacións das que sexan titulares (luz, teléfono, pequenas obras de mantemento e conservación que non sexan consideradas investimentos etc.) ou estean cedidas; gastos de adquisición de equipamentos deportivos e material non inventariable; gastos de organización de escolas deportivas; compras en bens correntes e servizos (consumibles de oficina, xestoría, internet, web, etc...) así como a organización doutras actividades deportivas de interese público.

- **ACTIVIDADES EDUCATIVAS:** gastos correntes derivados do normal funcionamento da entidade (xestoría, páxina web, internet...); gastos da organización de escolas culturais e deportivas, excursións, festivais, e outras actividades de interese educativo.

Para as **entidades culturais e ANPAS** serán subvencionables as actividades que se desenvolvan ao longo do exercicio de 2026.

No caso de **entidades deportivas**, serán subvencionables as actividades durante o ano 2026 e os gastos derivados da inscrición de equipos, fichas federativas e mutualidades e equipacións correspondentes á tempada 2026-2027:

- Por tempada deportiva futbolística enténdese o período comprendido entre o 1 de xullo de 2026 e o 30 de xuño de 2027.
- Por tempada deportiva de karate e judo enténdese o período comprendido entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.

Con carácter xeral:

- O importe subvencionado será como máximo o indicado na Base 2 desta convocatoria, sen prexuízo de que o concello poida variar esta cantidade máxima, en función do interese dela, xustificándoo debidamente no expediente polo órgano xestor da subvención.
- A contía das subvencións poderá acadar, como máximo, o 80% do presuposto de gastos que se detalle no formulario da solicitude, co máximo subvencionable que se determina na cláusula 2ª.
- Os gastos de xestoría administrativa serán subvencionables ao 100%.
- **Non serán subvencionables os gastos de:**
 - Adquisición de bens inventariables (inmóbiles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e, en xeral, os que teñan carácter de investimento).
 - Gastos financeiros, notariais, rexistrals, periciais, multas, sancións e sobrecargas administrativas ou penais nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios.
 - Alimentación (almorzos, petiscos, bebidas...), agás os produtos típicos das celebracións das festas tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, San Xoán, romarías tradicionais e festas organizadas nos colexios polas ANPAS.
 - Cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais, como é o caso das taxas pola subministración de auga e saneamento e taxas pola utilización das instalacións deportivas, nin tampouco os prezos públicos.
 - Convenio de colaboración co concello ou as que xa recibisen unha subvención municipal directa (contía económica determinada) ou indirecta (trofeos, propaganda, cesión de material,...).
 - Actividades subvencionadas nos mesmos exercicios, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans doutras administracións públicas, e en concreto da Xunta de Galicia ou Deputación Provincial da Coruña, cando o importe destas últimas atinxa o 100% de actividade a realizar. En caso contrario poderá ser subvencionable e complementario o importe da actividade na contía restante até chegar ao total do importe da actuación.

5. SOLICITUDES

5.1. Presentación:

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Fene, a través da sede electrónica municipal, ou por calquera dos medios contemplados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á súa extensión, esta figurará nun documento achegado pola entidade como “Anexo ao documento número XXX”.

No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do Concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou no seu caso, emitidos.

Xunto coas solicitudes achegarase a seguinte documentación:

a) **FORMULARIO A):** Instancia de solicitude asinada polo/a presidente/a da entidade na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico identificativa da entidade, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso. A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao Concello. Asemade, na instancia farase constar o número de inscrición da asociación no rexistro de entidades correspondente e a contía da subvención solicitada.

b) **FORMULARIO B):** Declaración responsable do/a presidente/a sinalando:

- Se a entidade ten solicitada por outro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data de solicitude, concepto e contía da subvención solicitada. Así mesmo, sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.
- Que tanto o asinante como a entidade, non están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que está ao corrente das obrigas tributarias e fiscais:
 - Para as solicitudes de subvención inferiores aos 3.000,00 euros: Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
 - Para as solicitudes iguais ou superiores aos 3.000 euros a entidade ten dúas opcións:
 - Achegar certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade social. Cando a subvención concedida sexa igual ou superior aos 3.000,00 €, será necesario achegar, con anterioridade a calquera pagamento, certificacións oficiais e vixentes de estar ao corrente coas obrigas tributarias con facenda e a comunidade autónoma e da seguridade social.
 - Achegar, debidamente asinado, consentimento para a comprobación de datos autorizando ao Concello de Fene a consultar a outras administracións públicas os seguintes datos: certificado de estar ao día no pagamento da Seguridade Social; certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma; certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT; consulta de concesión de subvencións e axudas. (FORMULARIO B-1)
- Que todo o persoal dedicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1986, de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor.

c) **FORMULARIO C):** Certificación orixinal acreditativa de:

- Acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as súas relacións co concello.
- Número de socios activos da entidade.
- Aceptación das bases da convocatoria

d) Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade sempre que non consten no Concello ou fosen modificados.

e) **FORMULARIO D:** Memoria explicativa das actividades realizadas no ano 2026 ou no primeiro trimestre do curso escolar 2026-2027, desagregada por anualidade ou curso, na que se fará constar os obxectivos así con mención ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente, número de actividades e días nos que se desenvolveron. No caso das entidades deportivas que vaian acreditar gastos correspondentes á tempada 2026-2027, relación detallada dos equipos/fichas federativas que inscriben para esta tempada.

f) **FORMULARIO E:** Orzamentos desagregados de gastos por anualidade/tempada e forma de financiamento, no que se fará mención expresa do importe da subvención solicitada ao concello, as solicitudes ou concesións de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade e os ingresos propios afectados á actividade subvencionada.

As entidades deportivas terán que achegar, ademais, certificacións orixinais expedidas e asinadas polas federacións respectivas acreditando os equipos federados da sociedade na tempada 2026-2027 (ou a que lle corresponda), así como número de fichas dadas de alta correspondentes a deportistas da sociedade de Fene.

As entidades que soliciten subvencións para a realización de escolas culturais e deportivas terán que achegar ademais:

g) **FORMULARIOS F:** Memoria explicativa das escolas postas en marcha durante o curso 2026/2027 (un formulario por cada escola) con indicación expresa dos seguintes extremos:

- Nome da actividade e pequeno resumo da mesma.
- Instalación na que se desenvolve e enderezo.
- Datos persoais e titulación do monitor/a da actividade.
- Número de prazas ofertadas e cubertas.
- Listado e idade dos participantes.
- Criterios de admisión.
- Calendario (datas e horario) de funcionamento da Escola.

Enténdese por escola aquela actividade estable que ten un **mínimo de duración de catro meses**.

Non terán a consideración de escolas aquelas actividades nas que participen as mesmas persoas que nunha actividade federada (equipo deportivo) ou nun grupo de teatro/rondalla/baile.

O departamento de Cultura e Deportes comprobará de oficio o cumprimento do requisito de inscrición actualizada no **Rexistro Municipal de Asociacións veciñais do Concello de Fene**.

5.2. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, sede electrónica, até as 14.00 horas do décimo día NATURAL contado a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

As Bases da convocatoria publicaranse na Base Nacional de Subvencións.

6. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

a) Por mantemento de instalacións:

- Destinarase unha puntuación de **10 puntos** ás entidades non lucrativas que teñan instalacións culturais ou deportivas nas que realicen tanto actividades formativas periódicas como cursos, baño libre, actividades federadas, ... e cando non exista nesa parroquia instalación municipal desa mesma tipoloxía.

- Destinarase unha puntuación de **6 puntos** ás entidades non lucrativas que teñan gastos derivados do mantemento de instalacións propias, tanto culturais como deportivas e cando non exista nesa parroquia instalacións municipais desa mesma tipoloxía.

b) Por colaboración en actividades municipais:

- Por cada colaboración e participación en actividades municipais: 0,25 puntos até un máximo de 1 punto.

c) Por desenvolvemento de actividades:

ANPAS

- Por cada escola cultural, educativa ou deportiva: 0,75 punto até un máximo de 5 puntos.
- Por cada escola cultural, educativa ou deportiva con carácter tradicional: 1 punto até un máximo de 7 puntos.
- Por cada obradoiro cultural, educativo ou deportivo: 0,25 puntos até un máximo de 3.
- Por cada obradoiro cultural, educativo ou deportivo con carácter tradicional: 0,5 puntos até un máximo de 5.
- Por cada semana cultural, educativa ou deportiva: 0,5 punto, até un máximo de 1,5 puntos.
- Por cada semana cultural, educativa ou deportiva con carácter tradicional: 1 punto, até un máximo de 3 puntos.
- Por cada actividade cultural, educativa ou deportiva de carácter estable: 1 punto até un máximo de 5 puntos.
- Por cada actividade cultural, educativa ou deportiva de carácter estable con carácter tradicional: 2 puntos até un máximo de 8 puntos.
- Por cada actividade cultural, educativa ou deportiva de carácter puntual: 0,25 puntos até un máximo de 1 punto.
- Por cada actividade cultural, educativa ou deportiva puntual con carácter tradicional: 0,50 puntos, até un máximo de 2 puntos.
- Por cada excursión: 0,5 puntos até un máximo de 2 puntos.
- Por cada excursión con fins tradicionais: 1 punto cun máximo de 4 puntos.

ENTIDADES CULTURAIS:

- Por cada coral polifónica/rondalla ou banda de gaitas: 5 puntos por grupo até un máximo de 10 puntos.
- Por cada grupo de teatro, baile ou música: 2 puntos por grupo, até un máximo de 6 puntos.
- Por cada escola cultural ou deportiva: 0,75 punto até un máximo de 5 puntos.
- Por cada escola cultural ou deportiva de carácter tradicional: 1 punto até un máximo de 7 puntos.
- Por obradoiro cultural: 0,25 puntos até un máximo de 2 puntos.
- Por obradoiro cultural de carácter tradicional: 0,5 puntos até un máximo de 3 puntos.
- Por cada semana cultural: 0,50 punto até un máximo de 1,5 puntos.
- Por cada semana cultural de carácter tradicional: 1 punto até un máximo de 3 puntos.
- Por cada actividade cultural estable: 1 punto, até un máximo de 5 puntos.
- Por cada actividade cultural estable con carácter tradicional: 2 puntos, até un máximo de 8 puntos.
- Por cada actividade cultural puntual: 0,25 puntos, até un máximo de 1 punto.
- Por cada actividade cultural puntual con carácter tradicional: 0,50 puntos, até un máximo de 2 puntos.
- Por cada excursión: 0,5 puntos até un máximo de 2 puntos.
- Por cada excursión con fins tradicionais: 1 punto cun máximo de 4 puntos.

ENTIDADES DEPORTIVAS:

Para equipos colectivos (fútbol 11/8, fútbol sala, baloncesto, balonmán...):

- Establécese un total máximo de **40 puntos**. Para establecer o número de puntos aplicarase o seguinte baremo:
 - ✓ Por cada equipo fútbol 11 sénior: 4 puntos.
 - ✓ Por cada equipo sénior doutras modalidades deportivas: 3 puntos.
 - ✓ Por cada equipo de fútbol 11 base: 5 puntos.
 - ✓ Por cada equipo de base doutras modalidades deportivas: 3,75 puntos.

Para equipos individuais:

- Establécese un máximo de **20 puntos** para as licenzas/fichas dos deportes individuais. Para establecer o número de puntos aplicarase o seguinte baremo:
 - ✓ Por cada ficha licenza/ficha: 0,20 puntos

En xeral:

- Por cada escola deportiva: 1 punto, até un máximo de 7 puntos.
- Por obradoiro deportivo: 0,50 puntos, até un máximo de 3 puntos.
- Por cada actividade deportiva estable: 0,50 puntos, até un máximo de 3 puntos.
- Por cada actividade deportiva puntual: 0,25 puntos, até un máximo de 1 punto.
- Por cada adestrador/a (con título oficial do deporte) da entidade ao fronte de cada equipo: 0,15 puntos, até un máximo de 1 punto.
- Por inscrición e asistencia en campionatos en Galicia: 0,25 puntos cada un, até un máximo de 5 puntos.
- Por inscrición e asistencia en campionatos fóra de Galicia: 0,50 puntos cada un, até un máximo de 3 puntos.
- Por inscrición e asistencia en campionatos do estranxeiro: 0,50 puntos cada un, até un máximo de 3 puntos.

Enténdese por:

- **Escola cultural, deportiva ou educativa:** actividade estable organizada pola propia entidade que ten un mínimo de duración de catro meses nun ano ou curso.
- **Semana cultural ou educativa:** actividade estable de varios días (mínimo de 2 días de duración) organizada pola propia entidade.
- **Obradoiro cultural, deportivo ou educativo:** cursos puntuais de un ou varios días de duración que organiza a propia sociedade.
- **Actividade cultural, educativa ou deportiva de carácter estable:** actividades realizadas pola propia sociedade, dun día de duración que se repiten todos os anos (mínimo 3) na propia sociedade ou no termo municipal de Fene.
- **Actividade cultural, educativa ou deportiva de carácter puntual:** actividades puntuais concretas que non se repiten durante o ano.
- **Excursións:** Actividade cultural de viaxe en grupo, relacionada coas actividades propias da sociedade.
- **Actividades tradicionais:** todas aquelas actividades que revaloricen a tradición galega (costumes, valores e lingua) e que formen parte da identidade cultural propia de Galicia.

No caso de que, aplicados estes criterios de valoración, haxa entidades nas que a subvención resultante sexa superior á contía solicitada, axustarase o importe da subvención a conceder á contía solicitada.

Asemade, cando a cantidade resultante da aplicación destes criterios sexa superior á subvención máxima que pode percibir a entidade, axustarase o importe da subvención a conceder ao límite fixado na Base 2ª.

7. PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN, RESOLUCIÓN E RECLAMACIÓNS DE SOLICITUDES

7.1. Instrutor/a e comisión de valoración

A instrutora dos expedientes e programa global será Yolanda Cinza Rivera, e actuará como suplente, Mercedes Justo Pena.

Corresponderá a avaliación das solicitudes presentadas á comisión de valoración integrada por:

- Presidente: O alcalde-presidente ou concelleiro/a en quen delegue
- Vocais:
 - ✓ Un (1) representante por cada grupo municipal.
 - ✓ O/a instrutor/a do procedemento, con voz pero sen voto.
- Secretario/a: Actuará como secretario/a, sen voto, o da corporación municipal ou funcionario/a en quen delegue.

7.2. Instrución

Na fase de instrución realizarase unha prefase de avaliación na que se verificará o cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases para obter a condición de beneficiario/a. Desta pre-avaliación, o/a instrutor/a elaborará un informe preceptivo no que se fará constar que, segundo a información que obra no seu poder, as/os solicitantes reúnen ou non reúnen os requisitos para ser beneficiarios/as da subvención.

Unha vez avaliadas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, esta deberá formular proposta de resolución. Na proposta de resolución constará o orzamento subvencionado a xustificar para esta anualidade así como a subvención concedida.

7.3. Resolución das solicitudes

O acordo de concesión/denegación das axudas correspóndelle á Xunta de Goberno Local por delegación de Alcaldía.

O acordo da Xunta de Goberno Local resolvendo o procedemento notificarase aos/ás interesados/as no lugar por eles indicado para este fin, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

7.4.- Reformulación de solicitudes.

De acordo co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación de solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente será o da subvención concedida.

7.5. Publicidade das subvencións concedidas

Darase publicidade das subvencións de conformidade co recollido no art. 18 da Lei 38/2003 de 17.11, Xeral de Subvencións.

7.6 Prazo para resolver e efectos do silencio

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder máis de tres meses dende a data de presentación da solicitude no Rexistro de Entrada do Concello, ou a través de calquera outra forma de presentación prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

O transcurso do prazo máximo sen que se notifique a resolución do procedemento aos/ás interesados/as, lexítima a estes/as a entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

8. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Os/as beneficiarios/as da subvención terán que:

- Realizar a actividade para a que se concedeu a subvención.
- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención coa presentación dos documentos xustificativos dos gastos realizados.
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á intervención municipal e outros órganos de control competentes, así como facilitar a información que o Tribunal de Contas ou Consello de Contas lle requira.

- Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade, inmediatamente despois de que se lle comuniquen.
- Realizar a propaganda das actividades en lingua galega e sinalar en todo tipo de publicidade que as actividades contan co financiamento do concello coa introdución expresión "colabora" Concello de Fene e consonte coa normativa de identificación corporativa do Concello.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos casos de incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas para os beneficiarios das subvencións.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.
- Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. Só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, billete de aparcadoiro, etc.).

O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que dito gasto se considere como "*non subvencionable*" de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de subvencións, sempre que dito gasto supere o importe de 100 €.

No caso de entidades promotoras de escolas culturais e deportivas estas terán, ademais, as seguintes obrigas:

- Se os monitores reciben unha remuneración polo seu labor docente, a contratación correrá por conta da entidade e terá que se axustar a algunha das modalidades establecidas na lexislación vixente nesta materia.
- Pagar tódolos gastos que ocasione a actividade.
- Permitir a inscrición a tódolos veciños/as da parroquia con independencia de que sexan ou non asociados da entidade promotora.
- Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil para monitores e usuarios.
- Colaborar cos técnicos municipais

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura de reintegro da subvención indebidamente percibida.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O obxectivo das presentes bases é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas.

O Concello comprobará que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada na que transcorre o prazo para xustificar.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento da finalidade da subvención.

O pagamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada.

O prazo de xustificación finalizará, en todo caso, **ás 14.00 horas do 20 de novembro de 2026.**

Se non presentara a xustificación dentro do prazo, será requirido o beneficiario para a súa presentación (art. 70 Real decreto 887/2006). A falta de presentación no prazo de quince días dende o requirimento, dará lugar a que pola Alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

9.1. Consideracións xerais da xustificación:

- Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial.
- Considerarase gasto realizado aquel que foi pagado nos prazos do ano e tempadas correspondentes, e con anterioridade ao remate do período de xustificación.
- O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida. De ser inferior, procederase á minoración proporcional da subvención.
- No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.
- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade realizada polo beneficiario.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- A entidade beneficiaria deberá someterse aos procedementos de control ou auditoría que se realicen pola Intervención municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na súa condición de contadante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal de conformidade co Código Penal.
- Os beneficiarios aos que lles resulta de aplicación obrigatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas, estarán ao disposto do R.D. 1491/2011, 24 de outubro. Os restantes beneficiarios levarán os seguintes libros de rexistro:
 - Libro diario de ingresos e gastos, no que se reflectan por orde cronolóxica todos os ingresos e gastos, que deberá estar debidamente conciliado cos movementos realizados a través das contas bancarias. O dito libro deberá estar dilixenciado polo presidente, polo secretario e polo tesoreiro da entidade.
 - Liquidación anual de ingresos e gastos que deberá resultar dos movementos producidos no libro anterior, e na que quedará constancia da súa aprobación pola asemblea de socios
 - Libro de inventario, no que se reflectan axeitadamente todos os bens e dereitos da entidade, así coma as súas altas e baixas, e que tamén deberá ser dilixenciados polo presidente, secretario e tesoreiro
- Así mesmo, os beneficiarios das subvencións teñen a obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da xustificación, en tanto que poden ser obxecto das correspondentes actividades de control.

9.2. Documentación xustificativa:

Para proceder ao pagamento das subvencións presentaranse os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas por período subvencionable (anualidade/tempada) con indicación do número de actividades, data de desenvolvemento e resultados obtidos.
- Certificación da realización do programa
- Relación clasificada dos gastos realizados en cada período subvencionable (anualidade/tempada) asinada polo/a Secretario/a da entidade co visto e prace da presidencia e con identificación dos acredores (nome e apelidos e NIF); conceptos de gasto dos documentos (número de factura ou documento equivalente) así como importe, data de emisión e data de pagamento e desviación acaecida respecto do orzamento inicial. Para os

gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

- No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase declaración de que os xustificantes que se presentan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.
- Copias das facturas debidamente escaneadas **en formato PDF**.

As facturas deberán corresponderse ao período subvencionado (anualidade/tempada) e especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificantes de gasto as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

No caso de que a realización de actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificáranse mediante nóminas asinadas polo perceptor e os TC1 e TC2.

Excepcionalmente, aceptáranse como xustificantes de gasto certificacións oficiais federativas e da Mutualidade deportiva, nas que se faga referencia a importes abonados nas tempadas deportivas **ás que se refire a base 4.1** e sempre e cando vaian acompañados dos correspondentes xustificantes bancarios de pagamento.

- Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o beneficiario, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (**forma de pago non admitida para os gastos de importe superior a 100 euros**) achegárase declaración xurada do tesoreiro da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando: número de factura, concepto, importe e data de pago.
- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas durante o ano 2024 ou cursos escolares/tempadas **ás que se refire a base 4.1** para o mesmo obxecto con indicación do seu importe e procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto, así como declaración dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada.
- Certificación expedida polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións acreditativas ou declaración responsable no caso de subvencións concedidas cuxa contía individual non supere o importe de 3000 €.
- Declaración de non ter pendente de xustificación outra axuda do Concello na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.
- Acreditación gráfica ou declaración responsable facendo constar que na publicidade das actividades subvencionadas fixeron constar a colaboración do Concello de Fene e de que a publicidade se realizou en lingua galega.

9.3. Pagamento da subvención:

Vista a documentación xustificativa presentada, logo dos informes-proposta do instrutor do expediente e do informe de intervención municipal, o órgano competente valorará que se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso, aprobará os xustificantes presentados e ordenará o pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado a xustificar, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se xustificaría a subvención, requiríndose o reintegro da totalidade da subvención.
- No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

10. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN

Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 9 ou, no seu caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, a Concellaría de Cultura e Deportes a requirirá para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A presente convocatoria realízase no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene (BOP da Coruña nº 135 de 15 de xuño). Para o non previsto, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o R. D 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”